



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego con número de rexistro **10469 (12/PNC-000985)**, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que faga os investimentos necesarios para levar a cabo unha mellora integral da estrada N-120 entre Valdeorras e a cidade de Ourense, que figura na orde do día da Comisión 2ª prevista para o 15 de abril de 2025.

### Emenda de substitución

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado:

- a. Levar a cabo unha mellora integral da estrada N-120 no tramo entre Valdeorras e a cidade de Ourense.
- b. Realizar o proceso de contratación das obras do proxecto de terceiro carril desde a cidade de Ourense e Nogueira de Ramuín no ano 2025.
- c. Destinar os fondos precisos dentro dos Orzamentos Xerais do Estado para realizar todas estas actuacións.”

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Secundino Fernández Fernández na data 14/04/2025 08:37:46**

**Ana Pontón Mondelo na data 14/04/2025 08:37:58**





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa do deputado **Raúl Santamaría González**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esta Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **18020 (12/PNC-001677)** Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxectivo de mellorar o estado das avenidas Cambados (PO-549), Agustín Romero (PO-301) e Rosalía de Castro (PO-548), no concello de Vilagarcía de Arousa.

### Emenda de Substitución:

*Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:*

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Concello de Vilagarcía para que formule propostas concretas, e priorizadas, con compromiso de cofinanciamento, para a reforma integral das avenidas de Cambados (PO-549), Agustín Romero (PO301) e Rosalía de Castro (PO-548) no concello de Vilagarcía de Arousa co fin de corraxir as eivas que presentan e adaptalas á normativa de seguridade peonil e á Lei de accesibilidade.

Ademais, deberá dirixirse ao Concello e ao Ministerio de Transportes para requirirllle que cumpran o compromiso adquirido en marzo de 2023 de humanización da travesía da N-640, e se resolva o bloqueo do PXOM.”

Santiago de Compostela, 14 de abril 2025.

### Asinado dixitalmente por:

**Alberto Pazos Couñago na data 14/04/2025 12:37:41**

**Raúl Santamaría González na data 14/04/2025 12:37:53**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

